

Eduardo Kac. 2010. *Telepresencia y bioarte. Interconexión en red de humanos, robots y conejos*. Murcia: CENDEAC. 436 pp. Tradutor: Miguel Ángel Crespo.

360

Creador multifacético ao tempo que teórico e profesor, Eduardo Kac (Río de Xaneiro, 1962) móstrase dende hai máis de dúas décadas como unha das figuras máis representativas do panorama artístico internacional contemporáneo. Máis alá do seu carácter eminentemente provocador e controvertido, a obra do artista brasileiro goza dun recoñecemento xeral que se evidencia na súa participación en exposicións e reunións celebradas por todo o mundo. O traballo do creador brasileiro sitúase na vangarda das prácticas artísticas desenvolvidas na actualidade, impulsando modalidades emerxentes que van dende a telecomunicación á bioarte. Así, os proxectos de Eduardo Kac parten dunha constante vontade de innovación e descubrimento que favorece a incorporación ao medio artístico das novas plataformas proporcionadas polos recentes avances científicos. Sen renunciar á polémica, a obra de Kac transforma internet, a robótica ou a xenética en instrumentos para a creación e o debate, co obxectivo de explorar os vínculos entre a arte e as novas formas tecnolóxicas, e de investigar as implicacións sociais, políticas e culturais destas: a confluencia entre campo artístico e tecnoloxía supón o punto de partida non só para a determinación de novas experiencias que reformulen os límites do corpo e a mente, senón tamén para a concienciación sobre as alteracións asumidas por estes a raíz das transformacións acaecidas nos últimos anos.

As modalidades de intervención ás que recorre Eduardo Kac para dar conta do seu particular programa estético exceden a mera realización de instalacións, na medida que abarcan tamén os diversos escritos nos que explicita os presupostos básicos que articulan o seu pensamento teórico e as súas actividades artísticas. A publicación deste tipo de escritos acompaña a organización dos proxectos de Kac dende o inicio da súa carreira artística, co resultado da aparición dun abundante conxunto de artigos, ensaios e manifestos que testemuñan a coherencia global propia do discurso do autor brasileiro. Dispersos en numerosos libros colectivos e revistas, os textos de Kac atópanse reunidos en dous volumes que facilitan o acceso dos lectores á obra escrita do artista brasileiro: *Luz & Letra*, publicado en Brasil no ano 2004, e o libro aquí analizado, que suma aos escritos recollidos na edición norteamericana orixinal de 2005

algunhas das reflexións apuntadas por Kac sobre as súas últimas instalacións. Deste xeito, esta recompilación resulta a revisión máis completa e actualizada dos textos de Kac, coa inclusión de pezas que tratan dende os seus traballos iniciais en Brasil até os proxectos executados recentemente en Chicago ou noutras cidades. O libro en cuestión propón unha división en tres partes, cada unha das cales se corresponde cun dos principais bloques nos que se divide o traballo artístico do creador brasileiro: “Telecomunicación, dialogismo y arte en Internet”; “Arte de telepresencia y robótica”; e “Bioarte”.

Na primeira sección, os catro artigos seleccionados polo autor céntranse na explicación e a historización do concepto de telecomunicación dentro do ámbito artístico. Dende esta perspectiva, inciden fundamentalmente no carácter dialóxico que define as obras elaboradas mediante medios de telecomunicacións, sistemas interactivos e internet, xa que considera que esas prácticas posibilitan a formulación dunha arte verdadeiramente baseada na interacción e colaboración entre suxeitos. O artista brasileiro distingue entre este tipo de arte dialóxica e outros proxectos interactivos, nos cales, como ocorre, por exemplo, no caso do CD-ROM ou de páxinas web autónomas, os usuarios se integran nun discurso de natureza monolóxica: en definitiva, o dialoxismo, independentemente dos recursos utilizados, esixe unha relación interactiva, mentres que a simple interacción non é suficiente para dar lugar ao dialóxico. En contraposición á obra de arte tradicional, vinculada ao modelo jakobsoniano de emisor/receptor, a telecomunicación dialóxica promove eventos onde a información abandona as limitacións dunha canle unidireccional en favor dun fluxo dinámico que se desprega en múltiples direccións. Fortemente influenciado polas consideracións teóricas de Martin Buber e Míkhail Bajtín sobre a intersubxectividade, o uso que Kac leva a cabo dos medios de comunicación enfatiza a recreación das estruturas da comunicación por riba da presentación dun contido concreto ou a construción dun obxecto artístico determinado. O xurdimento de internet e os seus diversos protocolos marca, neste sentido, a aparición dunha ferramenta especialmente axeitada para o desenvolvemento destas formas de interlocución, se ben a súa aplicación ao contexto artístico non resulta máis que unha continuación das prácticas efectuadas dende comezos do século pasado. A explotación das posibilidades ofrecidas por internet supón a culminación dun longo proceso que Kac revisa en detalle, un extenso traxecto no que converxen, entre outros, as pezas radiofónicas de Bertolt Brecht, os cadros telefónicos de Moholy-Nagy, as obras telemáticas de Roy Ascott ou a arte postal.

Derivación recente da tradición interactiva e dialóxica da arte electrónica, a arte da telepresenza xorde na carreira de Kac a modo dunha progresión natural dos seus eventos fundamentados na telecomunicación, nunha evolución estimulada sobre todo a raíz da intersección coa informática e a robótica. A especificación das particularidades desta transición ten lugar, desta maneira, nos seis ensaios que compoñen a segunda parte do libro, varios dos cales están dedicados a describir en detalle as experimentacións abordadas polo propio creador brasileiro no eido da telerrobótica. Mediante a rememoración da preparación das pezas que integran a serie *Ornitorrinco* (*Ornitorrinco no Edén*, *Ornitorrinco no Sabara*, etc.) ou outras obras como *Rara Avis* e *Uirapuru*, Kac exemplifica a capacidade da telepresenza para proporcionarlles aos participantes, grazas ao manexo de enxeños robóticos, a experiencia de trasladar a súa presenza a un territorio remoto. A implantación da arte da telepresenza parte, así pois, da aplicación ao ámbito artístico dos avances alcanzados pola tecnoloxía robótica nas últimas décadas no relativo á xeración de novos modos de interacción que transcenden as demarcacións do corpo humano: a través de dispositivos mecánicos e electrónicos, as obras presentadas por Kac orixinan un acontecemento virtual no que os individuos poñen a proba tanto a distinción entre robot e humano como os nexos tradicionais entre a conciencia e a espacialidade. Neste sentido, os textos do artista brasileiro inciden no feito de que na actualidade as categorías de distancia e espazo real están a resultar progresivamente neutralizadas, co resultado da constitución de contextos sen precedentes onde a comunicación adopta una configuración totalmente aberta.

Finalmente, os seis escritos que forman parte do derradeiro bloque do volume profundizan na delimitación das relacións entre arte electrónica e biotecnoloxía. En paralelo ao que xa fixera nas seccións anteriores, Kac procede a rexistrar os cambios sociais e tecnolóxicos que conduciron á instauración da bioarte, prestando especial atención á conversión da bioloxía nunha ciencia da información que dá prioridade ás funcións da comunicación nos sistemas vivos. Dado este contexto, defende a liberdade da arte para indagar no potencial creativo que emana dos recursos e coñecementos achegados dende a tecnoloxía biolóxica, na medida que esta incursión pode contribuír, cunha perspectiva crítica, á amplificación dos esquemas políticos e filosóficos implicados pola fusión do orgánico e o dixital. As teses de Kac privilexian a visión do corpo humano como un obxecto subordinado á manipulación artificial e á transfiguración electrónica, isto é, dissociado da dimensión natural e autóno-

ma na que se situaba tradicionalmente o seu funcionamento; así, por exemplo, en *A cápsula do tempo*, o propio artista inxecta no seu corpo un microchip cun número de identificación programado, mentres que en *A-Positivo*, establece un vínculo de mutua nutrición cun robot mediante unha agulla intravenosa. Estas alteracións da identidade física do suxeito humano abren camiño ás modificacións xenéticas que sustentan a conformación da arte transxénica de Kac, fundamentada na fabricación de seres vivos únicos a través do emprego de técnicas de enxeñería xenética. Ben unha proteína *-Xénese-*, ben un coello *-GPF Bunny-* ou unha planta *-Historia natural do enigma-*, as criaturas derivadas da arte transxénica destacan por producir un novo modo de relación entre o artista e o público, e, ao mesmo tempo, por suscitar novidosas formas de reflexión sobre os aspectos éticos, políticos e comunicativos da revolución tecnolóxica contemporánea. Con isto, segundo apunta o mesmo Kac, a institución da arte transxénica revela a nova dimensión pragmática e simbólica da arte en tanto que creación literal da vida e a responsabilidade literal cara á vida.

En conclusión, os textos presentados por Eduardo Kac ofrécenlles aos lectores unha interesante mostra das tradicións nas que se insire a súa práctica artística, ao igual que dos elementos teóricos e filosóficos nos que se basean as súas instalacións. Na explicación dos seus propios proxectos e obxectivos, Kac evidencia unha traxectoria absolutamente coherente na que as fronteiras entre as súas diversas vertentes resultan sempre fluídas, de tal xeito que, a pesar dos diferentes instrumentos e materiais utilizados, todas elas coinciden na expresión dunha motivación recorrente: a experimentación coas formas de comunicación por medio das novas plataformas tecnolóxicas. Alieo ao rol do artista como emisor de significados e construtor de obxectos estéticos, o creador brasileiro sitúa no primeiro plano dos seus proxectos a presentación dunha estrutura comunicativa onde os participantes gozan dunha experiencia interactiva e dialóxica. Modulada polas transformacións tecnolóxicas xurridas ao longo das últimas décadas, a reivindicación da comunicación intersubxectiva define, por tanto, a esencia das actividades artísticas abranguidas por Eduardo Kac, un autor en continua evolución e renovación que anhela o debate en todas as súas formas.

*David Antonio Muíño Barreiro*